



Fíos e Cores

# Fíos e Cores



# Fíos e Cores

Concepción Canoura Leira



O encaixe de palillos é un dos produtos artesanais de maior demanda, aceptación e potencial, e tal é como se ven demostrando nos últimos anos, o encaixe ten un futuro prometedor en facetas tan diversas como a decoración, os enxovais cerimoniais, a lencería e a moda en xeral. Non obstante, podemos optimizar aínda máis eses usos se somos capaces de conxugar o bo facer de sempre das palilleiras coa variación de gustos e tendencias que imperan en cada momento.

Ata o de agora identificamos o encaixe galego cun produto monocromático e cunha textura determinada. Esta publicación tenta animar ás nosas palilleiras a introducirse na policromía e na variedade dos fíos a empregar, ampliando así as súas expectativas económicas. Aínda que o esencial é, e seguirá sendo como sempre, o traballo artesanal das palilleiras, independentemente das cores que se utilicen.

Coa edición deste traballo, incluído na colección *A memoria do artesán en imaxes*, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio pretende dar un paso máis, non só no que atinxe a contribuír a que estas actividades tradicionais perduren, senón tamén a que se fagan un oco no mercado actual, adaptando a súa oferta ás novas esixencias sen por isto perder o seu carácter artesanal.

Partindo de que o encaixe galego é un produto singular, e se temos en conta que a sociedade actual valora o 'feito a man', imos á procura de impulsar a súa modernización e a súa profesionalización, e de convertelo nun sector rendible. A consellería seguirá apoiando as iniciativas encamiñadas cara a ese obxectivo de consolidación da artesanía de Galicia.

***Juan Rodríguez Yuste***

Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio



## INTRODUCCIÓN

O encaixe de palillo segue a perdurar desde hai séculos en Galicia dun xeito máis ou menos importante, non soamente como un traballo dos que a miúdo se fan co obxecto de enfeitar o fogar, senón como un xeito de traballo das mulleres por mor de obter uns ingresos cos que complementar a economía familiar.

O feito de considerar o labor de palilleira un oficio antigo, que sobrevive nos albores doutro século máis, evidencia o carácter de tenacidade e laboriosidade das mulleres galegas, herdando o saber facer de nais a fillas, xeración tras xeración.

Aínda que as máis das veces non fose rendible como ocupación en sí mesma, seguiuise a traballar no palillo por fundadas necesidades económicas. De todos os xeitos, fose por unhas ou por outras razóns polas que perdurou ata os nosos días, xunto cos labores de pacillo, ademais dun oficio herdouse un impresionante patrimonio artístico, histórico, cultural e etnográfico que o acompaña.

Se temos en conta as máis de catro mil artesás que aínda traballan no encaixe de palillo dun xeito máis ou menos profesional non se pode desaproveitar esta especialización nun oficio a pesares de todo pouco coñecido, e cabe potencialo máis, profesionalizalo e convertilo en fonte de ocupación permanente.

Como arte téxtil, as pezas de encaixe amosan unha beleza e valor innegable; non obstante, desde o punto de vista comercial, o feito de que o encaixe perdurara como peza no mercado ao longo de centos de anos ata os albores dun novo século, non supón por sí só unha garantía de éxito. Nunha sociedade tan competitiva como a actual non é suficiente “continuar” para competir, cómpre dar pasos novos para adiantar.

Ata os nosos días, e enmarcado nun contexto de especial conxuntura económica e social, as artesás palilleiras non fixeron máis que nimios cambios no seu xeito de producir, polo feito de que calquera modificación na mesma semellaba un risco que podería alterar o seu nivel de vendas.

Facendo un percorrido por calquera exposición decatámonos das escasas modificacións que a oferta deste produto experimentou ao transcorrer dos séculos; non obstante, advírtese o feito de que unha ampla variedade de pezas antigas deixaron de facerse por mor ben da súa dimensión ou ben da súa complexidade, ou exclusivamente polo feito de resultar moito máis sinxelo elaborar pezas pequenas, de escaso valor económico e cunha rápida saída no mercado de cara á súa venda como agasallo ou recordo aos turistas.

Os labores que se expoñen nas diferentes mostras do encaixe preséntanse case todas dunha soa cor, xeralmente en branca ou raramente en cor crúa. As texturas amósanse tamén monótonas, os fíos son na meirande parte de algodón, escasas as pezas de liño e a seda trabállase en moi contadas ocasións. A montaxe do encaixe elabórase habitualmente en tecidos de liño, algodón ou ben mesturando ambos os dous, exclusivamente en tons lisos de cor branca e crúa.

Mudar a monotonía na oferta actual non resulta nin tan difícil nin o como en principio podería semellar. Por unha banda, cómpre conservar a clientela que na actualidade demanda o produto, non obstante, de cara a acadar a mellora na calidade de vida das artesás do encaixe, atraer novos clientes, e procurar que non se resinta a presenza do encaixe de palillo no mercado actual, non abonda só con facer o mesmo de sempre. O continuísmo leva aparelado o estancamento que, neste concreto labor, parece pouco beneficioso, asemade e ao longo do tempo resulta prexudicial para calquera produto, e máis aínda se cabe para este todavía descoñecido quefacer do encaixe.

Un paseo por calquera pobo ou cidade da nosa xeografía amósanos o auxe dun novo tipo de produto de consumo, a decoración do fogar. No mercado compiten unha ampla variedade de tendas que tentan chamar a nosa atención con escaparates que se amosan cheos de todo un abano de artigos chegados de todo o mundo para enfeitar os nosos fogares, obxectos para todos os gustos e asequibles a todos os petos; modernas ou clásicas, exclusivas ou populares, cada unha quere reflectir unha tendencia dirixida a un tipo determinado de consumidor.

Neste contexto de competencia, o encaixe de palillo non se pode considerar como un produto máis, nin de ningún xeito como un produto de masas. Pola contra, cando un cliente adoita mercar artesanía diante doutras opcións, elíxela normalmente polo seu vencellamento ás características de calidade, peza única ou feito a man, entre outras. Non cabe dúbida de que é o valor engadido que ten de tradición e autenticidade o máis intanxible e ao mesmo tempo o máis determinante e diferenciador que posúe fronte a todo o resto das ofertas. Aínda así, todas estas cualidades non garanten hoxe en día o éxito dun produto, cómpre ademais aderezalo con algo tan primordial e subxectivo como é a beleza. Nunha sociedade na que a cotío se rende culto á estética, xa nada pode ser unicamente bo ou proveitoso, asemade ha de resultar agradable aos nosos sentidos, e digo sentidos en plural, porque no produto final do encaixe de palillos conxúganse a vista e mailo tacto.

A decoración do fogar non se presenta como o único eido no que é posible aplicar o encaixe; a lencería, os complementos, a moda, o enxoval cerimonial, son, entre outros, exemplos que, aínda menos comercializados, contan actualmente con múltiples posibilidades para a súa aplicación neste labor.

De cara a converter un produto artesán como é o palillo nun produto competitivo, tanto fronte a outros produtos artesáns como fronte a outras labores de alta calidade que se fan en serie, cómpre recuperar, potenciar e traballar características, modelos e técnicas xenuinas pero, mesmo tempo, melloralas así como engadir novos recursos. Os cambios na cor e na textura dos deseños son moi sinxelos de aplicar e aportan infinitas posibilidades coas que se pode acadar maior frescura no produto final e ao mesmo tempo colaborar na procura de novos horizontes para este merecido labor.

**Edición**  
Xunta de Galicia  
Consellería de Innovación, Industria e Comercio

**Coordinación**  
Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial

**Autora**  
Concepción Canoura Leira

**Fotografías**  
Carlos R. Prieto

**Deseño e maquetación**  
Miguel Aroca, Agustín Sánchez

**Agradecementos**  
A tódolos que fixeron posible a realización desta publicación

D.L.: 0000-2004

© Prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta publicación en ningún soporte sen a preceptiva autorización.



En definitiva, dun mesmo modelo presentamos combinadas as múltiples variacións de cores, texturas e materiais, dispoñemos dunha amplitude de posibilidades moito maior na súa presentación e asemade acadaremos-a satisfacción dunha máis ampla gama de oferta.

A principal característica dun produto en serie ven dada pola súa uniformidade así como pola produción en cadea, a resultas da capacidade de fabricación dunha multiplicidade de pezas semellantes partindo de un único deseño. Un produto artesán presenta, ora ben, a vantaxe de considerarse peza única, de xeito que cada man e cada peza son distintas, características que confiren a valía do produto ao fan ó mesmo tempo máis versátil. Os cambios e mesmo os pedidos “a medida” do cliente pódense asumir sen obrigar a frear unha cadea de produción de xeito drástico, como ocorrería na fabricación en serie. Un cambio no deseño da peza ou ben nos seus materiais permite elaborar unha peza de encaixe ao gusto particular que demande o cliente.

Se falamos de deseño de encaixe, teremos en conta que non soamente se fala do picado e asemade que o mesmo sexa tecnicamente axeitado, senon tamen do valor estético do debuxo, a textura e a cor que lle prestan os materiais cos que se elabora a peza debúxanse como características fundamentais da mesma. Doutra banda, o deseño do conxunto final non implica exclusivamente ao encaixe, neste eido conxúganse a combinación dos materiais do encaixe e o tecido, o xeito de unión do traballo, os bordados, a presentación, entre outros, conforman o conxunto que constitúe o produto final que chega ás mans do cliente.

De todos os elementos que inflúen no aspecto dun labor, a cor considérase un dos fundamentais, o elemento que de xeito máis decisivo lle presta carácter e dinamismo. A cor consegue cambiar completamente a percepción dun obxecto; a través dela pódense comunicar sensacións, de xeito que produce frialdade, calor, ledicia, estridencia, sobriedade... Mesturando cores dentro do encaixe ou xogando cos contrastes tecido-encaixe-bordados, conséguese finalmente aumentar o número de posibles combinacións.

Coas mesturas que nos aporta outro elemento a ter en conta, como é a textura, podemos conseguir que a peza mude para dous sentidos, a vista e mailo tacto. Preséntase moi diferente a rugosidade dun liño rústico en contraste coa suavidade dun algodón ou a lixereza dunha seda. As virtudes destes materiais pódense mesturar, harmonizándose ou contrastándose, de cara a acadar novas combinacións tanto no encaixe como no tecido, mesmo facendo cambios de volume con puntos de relevo ou de distinto material.

Un elemento máis que se pode introducir nos deseños de encaixe para dar un cambio aos picados supón o feito da incorporación de formas novas nos artigos. Normalmente elabóranse pezas cadradas, rectangulares, circulares ou ovaladas, ora ben poden engadirse ás labores infinidade de figuras xeométricas como pentágonos, hexágonos, entre outras.

Todas estas propostas pretenden acadar novas expectativas de mercado, que polo que respecta ao encaixe amósanse esperanzadoras de acordo coa necesidade da sociedade de hoxe de recuperar o patrimonio cultural como un punto de referencia diferenciador e xenuino. Estas novas expectativas de mercado pódense asumir gracias á versatilidade e laboriosidade das artesás e á súa facilidade para adaptarse aos cambios na produción.

O traballo que se presenta nestas páxinas parte da aplicación das técnicas tradicionais do guipur galego, levándoas cara a formas e deseños novos de creación propia. Trátase de pezas que non teñen de especiais dificultades de elaboración, pero que, pola contra, ofrecen cambios de cor, formas e texturas con respecto ao quefacer habitual neste labor.

Nos vinte e cinco grupos de deseños que se propoñen, os picados preséntanse elaborados en cores, de xeito que se simula o resultado unha vez palillados con fíos de cor. En cada un deles fanse varios patróns cunhas cores, e se acometen tamén outras dúas posibilidades de combinación de cor. Para ningún deles o xogo de cores queda pechado, xa que cada persoa pode elaboralo na cor ou na combinación de cores que elixa, e, por suposto, tamén en cor branca ou crúa. De cada un dos vinte e cinco grupos presentouse unha mostra con un dos picados e unha das cores. No caso das pezas que empregan a cor branca, esta non aparece representada como tal nos picados porque, como é lóxico, non se apreciaría na impresión.

Xunto cos picados, cada grupo leva tamén exemplos doutros posibles usos, así faise referencia á lencería, roupa de vestir, complementos ou roupa do fogar; nos mesmos aparece indicado o patrón que se emprega, por exemplo: p. 7.2 quere dicir que se elaborou co picado 7.2.

Cada serie de debuxos amosa unha ficha cunha imaxe da mostra do encaixe elaborado, na mesma pódense apreciar en detalle os seus aspectos técnicos, xunto con outros datos que serven de orientación ao traballo. A maioría das mostras foron feitas en fío fino co obxecto de que se aprecien mellor os puntos. Calquera dos encaixes pódese elaborar noutros números de fío con só aumentar ou diminuir o picado (máis ou menos un cambio dun 15 por 100 fai posible un aumento ou diminución dun número de fío).

Todas as mostras foron elaboradas polas artesás de *Cofío, Taller de Encaixe S.L.L.* (que dispón do certificado de AENOR, de conformidade coa Norma UNE 40605EX, coa marca N de Producto Certificado Artesanía.), e a elas cabe agradecer o interese e a profesionalidade amosada no seu labor.

## FÍOS E CORES

Despois de expoñer o estudio de cores e de deseños cómpre referirnos aos distintos materiais necesarios para levar a cabo os labores, así como o lugar onde atopalos. Nestes intres, e reiterando o que xa se expuxo en parágrafos anteriores, case todo o labor que nos ocupa elabórase en fío de algodón de cor branca (nalgúns casos en beixe), pola contra o liño trabállase en moi poucas ocasións e o emprego das demais cores e de materiais como a seda pódese dicir que case non existe, restrinxindo de xeito importante as posibilidades da oferta neste campo. Este panorama que presenta na actualidade o sector do encaixe serviu de colofón para que xunto co traballo de deseño que aquí se expón, se fixera á par unha busca de empresas que ofrecen, entre os seus produtos, fíos axeitados para o encaixe de palillo. Tanto a selección dos posibles artigos como das empresas non se elaborou de xeito arbitrario, pola contra apóiase nunha serie de razóns tanto no tocante ao produto como ás empresas seleccionadas.

1. En primeiro lugar, [definíronse a clase de artigos interesantes](#) para o seu emprego no encaixe, analizando as variacións e posibilidades de cada unha das súas características. De seguido expone dun xeito sinxelo as variantes coas que se adoita atopar á hora de escoller un fío axeitado.

- Por **composición** podemos sinalar tres fibras naturais, o algodón o liño e a seda, xeralmente coñecida a súa aplicación no encaixe de palillo.

- O algodón resulta moi doado de traballar, o seu emprego preséntase moi espallado por mor de considerarse unha fibra “universal” e de fácil adquisición. Non obstante, non todos os fíos de algodón se presentan iguais, segundo a súa orixe ou o proceso de fabricación do fío distínguense diferentes calidades. Exemplos disto podémolos atopar no algodón exipcio (coñecido tamén como Jumel, que aparece nas presentacións de distintas casas comerciais), algodón de fibra longa e de mellor calidade que o americano, que a súa vez amósase superior ao algodón da India, de fibra curta e cor máis amarela.

Tratando os fíos de algodón con sosa cáustica a baixa temperatura e con tensión, fanse máis fortes, lustrosos, absorbentes e doados de tinte. Este proceso denomínase mercerización, en honra ao seu inventor John Mercer. O fío mantense baixo tensión ata retirarlle a sosa a fin de que manteña as súas dimensións orixinais. A resultas deste proceso obtense o algodón mercerizado que ofrece maior resistencia e maior lusterosidade.

- O liño empregouse abundantemente en Galicia, de xeito que esta característica apoiou unha das tantas razóns para que o encaixe acadara tanto éxito nesta terra; ora ben, a aparición de fíos de algodón de produción industrial motivou que o liño fose desaparecendo por mor do acabado que ofrecían, presentando unha superficie máis lisa e facéndoos máis doados de traballar (como din as palilleiras: “escorre mellor”), pola contra o liño era un fío máis rugoso e amosábase peor á hora de palillar. Hoxe en día os novos procesos industriais procuran a elaboración tanto de liños rústicos como de liños de moita finura, presentando acabados de altísima calidade e caracterizados pola ausencia de discontinuidades na superficie.

- A seda empregábase para elaborar pezas de encaixe máis exclusivas, como panos e mantillas, non obstante factores como o seu prezo e a dificultade para a súa adquisición foron provocando a súa progresiva desaparición.

Estos tres materiais adoitan ser usados en exclusiva, é dicir, sen mesturar, non obstante tamén se poden conxugar dentro dun labor de varios xeitos, ben por pares, un distinto en cada palillo do par, ou ben separados en zonas co obxecto de procurar texturas diferentes. Por exemplo, se poñemos seda no par da man dun zig-zag e liño no resto da labor acadará un contraste de suave-rugoso ao tacto e brillo-mate á vista. As mesmas preparacións industriais hoxe en día ofertan tamen fíos con mestura de fibras.

A estas fibras naturais cómpre engadirilles outras novas abrindo así un amplo abano de posibilidades sen que polo mesmo feito resulten difíciles de traballar.

A beleza e o prezo da seda fixeron esforzarse aos científicos á hora de atopar un substituto sintético que semellase ao fío que produce o verme da seda. Robert Hooke foi o primeiro que suxeriu esta posibilidade no ano 1664, non obstante houberon de pasar douscentos anos máis ata que o francés Hilaire de Chardonnet comezase a produción de fibras artificiais. Estes fíos elaborábanse facendo pasar un líquido pegañento ao través de tobeiras e coagulándoo despois con substancias químicas. Ao principio a este fío caracterizouse como “seda artificial”, pero máis tarde cambiou a denominación a raión. Co emprego de raións nos labores conséguese aportar brillo, tanto se se empregan en toda a peza como se o seu uso se adoita para contornar puntos ou debuxos nela.

Nas pezas que se amosan nas imaxes desta publicación pódense apreciar tamén fíos metálicos empregados para dar brillo ás puntillas; con eles conséguese dar un resalte moi particular e diferente a calquera peza e deste xeito facela moito máis rica.

Un xeito sinxelo de distinguir un fío natural doutro artificial maniféstase queimandoo; se no proceso resulta un residuo sólido (como unha boliña) entón atoparémonos con que o fío é artificial, se pola contra se converte en zinsa sería natural.

• A **torsión** consiste nunha parte do proceso na produción do fío que ten por obxecto proporcionarlle resistencia. Por exemplo, se temos en conta os fíos que se empregan nos tecidos, presentan máis torsión os que se usan de urdido que os da trama, e non obstante os que se usan para xénero de punto teñen aínda menos torsión que os de trama.

Empréganse as denominacións en “Z” ou en “S” para indicar a dirección da torsión e a inclinación das fibras.



Os fíos poden conseguirse no proceso de torsión de un ou máis **cabos**. Cando se trata de fío dun cabo prodúcese un efecto “torque”, polo que tende a destorcerse no sentido contrario ao da torsión. Nos fíos de máis cabos esta tendencia a destorcerse diminúe por mor de que un cabo tórcese en S e outro en Z, de xeito que o fío neste proceso quedaría equilibrado.

• Por **grosso**, os fíos de uso máis cotián no encaixe galego van desde o nº 20 ao 50. En función da zona xeográfica empréganse uns ou outros, dependendo da tradición particular de traballar unha ou outra medida de grosso. Asemade destes grosos, tamén se poden usar fíos de 10 ou 12 (entre outros) para elaborar pezas, como colchas ou toallas; doutra banda estarían os fíos máis finos, de 60 ou 70, empregados para elaborar pezas delicadas como panos de arras ou mantillas. En concreto, en Galicia xa non hai tradición de traballar fíos máis finos que estes, como son os de 100 ou máis, empregados por exemplo para facer outros estilos de encaixes como son os “Duquesa”.

Para medir o grosso dos fíos usábanse distintos sistemas de medida, cada un deles empregábase tradicionalmente para un tipo de materia.

- Número inglés (Ne): Sistema utilizado tradicionalmente para os fíos de fibras curtas como o algodón. Representa o número de *hanks* que pesan 1 libra (un *hank* equivale a 840 iardas) ou como o número de madeixas de 768 metros que pesan unha libra (453 gramos).

Así, un fío Ne50/2 é un fío onde 50 x 840 iardas pesan unha libra. A indicación despois da barra refírese ao número de cabos que forman o fío, dous neste exemplo.

- Número catalán (Na): Sistema usado tradicionalmente para o algodón, representa o número de madeixas de 777,5 metros que pesan 440 grs.

- Número métrico (Nm): Unidade de medida que expresa o número de metros que pesan un gramo. Usado tradicionalmente para a lá.

- Número tex (Ntex): Unidade de medida que expresa a masa en gramos de 1000 metros de fío. Tamén se pode expresar xunto co número de filamentos e o número de cabos dun fío. Por exemplo “2x78 f 23Tex” sería un fío composto por 2 cabos onde cada cabo presenta 78Tex e 23 filamentos. Este é un sistema internacional de medida para os fíos, de xeito que internacionalmente se obriga a poñer o Nº tex na etiqueta.

- Denier: Sistema utilizado para filamentos sintéticos anterior ao Tex. Representa a masa en gramos de 9000 metros de fío.

Para pasar dun sistema a outro pódense empregar as seguintes fórmulas:

#### Para

	NTex	Denier	Ne	Nm	Na
<b>N Tex</b>	-	9 x NTex	590 / N Tex	1000 / N Tex	566 / N Tex
<b>Denier</b>	Den / 9	-	5310 / Denier	9000 / Den	5094 / Den
<b>Ne</b>	590 / Ne	5310 / Ne	-	Ne / 0,590	0,959 x Ne
<b>Nm</b>	1000 / Nm	9000 / Nm	0,590 x Nm	-	0,566 x Nm
<b>Na</b>	566 / Na	5094 / Na	1,042 x Na	Na / 0,566	-

Á hora de mercar fíos para facer labores, as presentacións das casas comerciais habitualmente indican un número de venda que se corresponde co Ne a 3 cabos, por exemplo:

Nº 50 de fío de palillo ou fío de coser =  $590 \times 3/50 = 35,4$  Tex

Nº 20 de fío de palillo ou fío de coser =  $590 \times 3/20 = 88,5$  Tex

Se se trata de perlés para gancho, en España emprégase o Na pero a 2 cabos, por exemplo:

Nº 5 = 2 cabos de 5 Na    Nº 5 =  $566 \times 2/5 = 226,4$  Ntex

Os grosos do fío pódense mesturar no encaixe, pero non de calquera xeito. Por exemplo, creando zonas separadas nas que se poidan empregar fíos doutro grosso sen que os pares de distinto grosso cheguen a traballarse xuntos máis que nos piques de unión destas zonas; deste xeito acádase un efecto de relevo cambiante no traballo. Se queremos mesturalos é mellor usalo como fío de par da man; por exemplo, farémola máis tupida se poñemos un fío máis gordo no palillo da man nunha puntilla de medio par.

• Ata hoxe en día a cor máis empregada no encaixe galego ven a ser a branca, usándose tamén algunhas tonalidades crúas. Actualmente as diferentes casas comerciais ofertan mostrarios de cores máis ou menos amplas tentando achegarse aos gustos persoais das artesás. Cada fabricante ofrece unha gama de cores propia para os seus produtos, cores que acostuman amosarse sólidas, é dicir, resistentes ao lavado e maila luz. Ademais de fíos de cores lisas, dunha soa cor, tamén se ofrecen cores matizadas, que van cambiando o ton da cor ao longo do fío. Asemade, algunhas casas ofertan a posibilidade de tintar segundo a cor desexada polo cliente.

• A **presentación** dos fíos non semella en si mesma unha característica que de xeito decisivo vaia a influír no fío, pero si pode ser importante para o artesán por outros motivos, entre os que cabe enumerar o tamaño e o consumo do labor. Nobelos, madeixas, carretes, bobinas, conos e zepelíns constitúen formatos habituais de venda deste tipo de mercadería. Nestes debuxos podemos ver un esquema de cada unha destas presentacións.



2. Preguntouse aos obradoiros artesáns encaixeiros galegos, a través dunha enquisa por correo, cáles eran os fíos que empregaban habitualmente e cáles constituían as súas necesidades de material.

3. Pedíuse información a distintas entidades públicas e privadas do sector téxtil sobre as empresas que poideran dispor de artigos das características elixidas. A información solicitouse a:

CITYC (Centro de Información Téxtil)

CIE (Consejo Intertéxtil Español)

FTS (Federación Téxtil Sedera)

INFORMTEX (Centro de Información Téxtil)

AITPA (Asociación Industrial Téxtil del Proceso Algodonero)

Gremio de Fabricantes de Sabadell

Unha vez avaliadas as primeiras informacións obtidas polas vías xa comentadas, estableceuse contacto con cincuenta e una empresas solicitándolles a súa colaboración así como a aportación dos datos sobre os artigos de que dispoñían.

Despois de analizados todos os datos recibidos, a continuación refírense unha serie de empresas que ademais de prestar a súa colaboración enviando información e mostras, estarían en disposición de ofrecer artigos axeitados de cara ao seu emprego na artesanía do encaixe. A todas elas preguntóuselles sobre os datos técnicos dos seus produtos co obxecto de elaborar unhas táboas que amosasen, do xeito máis claro posible, as súas características.

## EMPRESAS DE FIADA E TÁBOA DE CARACTERÍSTICAS DOS SEUS PRODUTOS

### Antonio del Rio Sanz S.L.

Avda. Diagonal, 339 bis 4º 4ª, 08037 Barcelona

Tel: 93 207 13 74 - Fax: 93 207 17 50

www.antoniodelrio.com

NOME	COMPOSICIÓN	PRESENTACIÓN	CORES	GROSOR (Ne)	Nº CABOS
Perlé exipcio Memphis	Algodón exipcio 100% mercerizado	Nobelos de 50, 100 e 200 grs.	Cru natural e 33 cores	5-6'5-8-12 e 16	2
Perlé exipcio Memphis	Algodón exipcio 100% mercerizado	Conos de 1,2 Kg.	Cru natural e 33 natural	3-5-6'5-8-12 e 16	2 (ou 5-6'5 e 12 tamén a 3)
Perlé exipcio Memphis	Algodón exipcio 100% mercerizado	Zepelíns de 100 grs.	Branco e cru cores	5-6'5-8 e 12	
Perlé exipcio Memphis	Algodón exipcio 100% mercerizado	Madeixas de 100 grs.	3 cores e cru natural	3-5-6'5-8-12 e 16	2 (ou 5-6'5 e 12 tamén a 3)



**Artefil S.L.**  
 Crtra. de la Alquería, s/n., 03830 Muro de Alcoy, (Alicante)  
 Tel: 965 531 711 - Fax: 965 531 712



NOME	COMPOSICIÓN	PRESENTACIÓN	CORES	GROSOR TEX	Nº VENDA	Nº CABOS	TORSIÓN
Perlé faraón	Algodón 100% mercerizado	Zepelíns de 100 grs.	Branco e cru	226-212- 141 e 94	5-8 e 12	2 (ou 8 tamén a 3)	Z e S
Perlé faraón	Algodón 100% mercerizado	Nobelos de 200 grs.	Branco e cru	226-212- 141 e 94	5-8 e 12	2 (ou 8 tamén a 3)	Z e S
Perlé faraón	Algodón 100% mercerizado	Nobelos de 50 grs.	Branco, cru e 36 cores	226-212- 141 e 94	5-8 e 12	2 (ou 8 tamén a 3)	Z e S
Perlé faraón	Algodón 100% mercerizado	Nobelos de 5 grs.	114 cores	94	12	2	Z e S
Perlé crochet artefil	Algodón 100% mercerizado	Zepelíns de 100 grs.	Branco e cru	226-141 e 94	5-8 e 12	2	Z e S
Perlé crochet artefil	Algodón 100% mercerizado	Nobelos de 20, 50 e 100 grs.	Branco, cru e 24 cores	226-141 e 94	5-8 e 12	2	Z e S
Perlé crochet artefil	Algodón 100% mercerizado	Nobelos de 5 grs.	42 cores	94	12	2	Z e S
Bordafil	Poliéster 100%	Conos de 3750 e 7000 m.	237 lisos		30	2	Z e S
Bordafil	Poliéster 100%	Conos 3500 m.	237 lisos		60	2	Z e S
Bordafil	Poliéster 100%	Conos 3500 m.	13 matizados		60		
Bordafil	Poliéster 100%	Conos 5000 m.	237 lisos		100	2	Z e S
Bordafil	Poliéster 100%		7 metalizados		35	1	



**Belfil S.A.**  
 Caspe, 41, 08010 Barcelona  
 Tel: 93 301 23 04 - Fax: 93 302 28 60



NOME	COMPOSICIÓN	PRESENTACIÓN	CORES	GROSOR Nm	Nº VENDA	Nº CABOS	TORSIÓN
Ave lira	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 2500 m.	197	52/2	25	2	Z
Ave lira	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 4500 m. Bobinas 1000m.	197	85/2	50	2	Z
Corneta	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 1000 m.	1	26/9	5	9	Z
Corneta	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 2500 m.	3	19/3	10	3	Z
Corneta	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 5000 m.	6	41/4	20	4	Z
Corneta	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 5000 m. Bobinas 900 m.	14	26/2	24	2	Z
Corneta	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 5000 m.	5	43.5/2	40	2	Z
Corneta	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 5000 m. Bobinas 1000 m.	14 en conos 3 en bobinas	53/2	50	2	Z
Corneta	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 5000 m.	2	61/2	60	2	Z
Corneta	Algodón exipcio Jumel 100% mercerizado	Conos 5000 m.	2	84/2	70	2	Z



**Brildor S.L.**

Av. Francisco Laporta, 11- apdo. 29, E, 03830 Muro de Alcoy, (Alicante)

Tel: 966 516 572 - Fax: 965 531 412

www.brildor.com




NOME	COMPOSICIÓN	PRESENTACIÓN	CORES	GROSOR TEX	Nº CABOS	TORSIÓN
Brildor CO 30	Algodón 100% mercerizado	Conos 2500 m. Carretubo 500 m.	78	40	2	Z
Brildor CO 50	Algodón 100% mercerizado	Conos 4500 m.	78	24	2	Z
Brildor PB 40	Poliéster 100% brillante	Carretubo 4500 m. e 1000 m.	260	25	2	Z
Brildor PB 30	Poliéster 100% brillante	Conos 4000 m.	125	33	2	Z
Brildor PB 15	Poliéster 100% brillante	Carretubo 1500 m.	65	60	2	Z
Brildor NY 40	Poliamida 100% ultrabrillante	Carretubo 5000 m. e 1000 m.	190	22	2	Z



**Coats fabra S.A.**

Sant Adrià, 20, 08030 Barcelona  
 Tel: 93 290 85 00 - Fax: 93 290 85 08  
 www.coatsfabra.com



